Centro: IES María Soliño.
Dotación: 1.400 euros.

Segundo premio:
Autor: Alfonso Carreño Paz.
Centro: IES Praia da Barraña.
Dotación: 900 euros.

Terceiro premio:
Autora: Marta Brión Lustres.
Centro: IES Praia da Barraña.
Dotación: 700 euros.

*Resolución conxunta do 21 de decembro de 2007, do Instituto Galego de Consumo e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se publica a concesión de premios ás memorias dos proxectos de educación para o consumo na escola, desenvolvidos no marco da rede de educación do consumidor e a selección dos novos proxectos presentados polos centros co fin de incorporarse ou permanecer nesta rede, convocados pola Resolución do 24 de setembro de 2007.*

Pola Resolución do 24 de setembro de 2007 (DOG nº 193, do xoves 4 de outubro), o Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocaron un concurso de premios dirixido a premiar as mellores memorias dos proxectos educativos desenvolvidos polos centros vinculados á rede de educación do consumidor e a seleccionar novos proxectos de centros que desexen incorporarse ou permanecer nesta rede. Vista a proposta do xurado, efectuada segundo o disposto no artigo 14 da Resolución do 24 de setembro de 2007,

*RESOLVO:*

Facer pública a concesión dos premios ás mellores memorias presentadas conforme a Resolución do 24 de setembro de 2007, e a selección dos novos proxectos que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2007.

Emilio Nogueira Moure
Presidente do Instituto Galego de Consumo

Laura Elena Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO*

Os proxectos premiados nesta convocatoria son os seguintes:
CEIP Ardán.
Localidade: Marín (Pontevedra).
Título do proxecto: *A enerxía.*
Contía do premio: 2.407 euros.

CEIP Bergantiños.
Localidade: Carballo (A Coruña).
Título do proxecto: *Aprender a comprar.*
Contía do premio: 2.407 euros.

IES Carlos Casares.
Localidade: Viana do Bolo (Ourense).
Título do proxecto: *O consumo nas ciencias experimentais.*
Contía do premio: 4.000 euros.

CEIP Enrique Barreiro Piñeiro.
Localidade: Cambados (Pontevedra).
Título do proxecto: *As enerxías.*
Contía do premio: 2.407 euros.

CEIP Domaio.
Localidade: Moaña (Pontevedra).
Título do proxecto: *Unha carta de compromisos.*
Contía do premio: 3.050 euros.

CEIP Froebel.
Localidade: Pontevedra.
Título do proxecto: *Tecnoloxía e consumo.*
Contía do premio: 4.000 euros.

IES Laxeiro.
Localidade: Lalín (Pontevedra).
Título do proxecto: *Consume con tino.*
Contía do premio: 2.407 euros.

CEIP Lourido.
Localidade: Poio (Pontevedra).
Título do proxecto: *Coñecer e comprender para mellor consumir.*
Contía do premio: 3.050 euros.

IES María Casares.
Localidade: Oleiros (A Coruña).
Título do proxecto: *Consumoda.*
Contía do premio: 3.050 euros.

CEIP Santa Rita.
Localidade: Galdo (Lugo).
Título do proxecto: *Consume froitos dos nosos bosques.*
Contía do premio: 2.407 euros.

CEIP Santo Estevo.
Localidade: Parga (Lugo).
Título do proxecto: *Comemos e consumimos: consumo racional de alimentos III.*
Contía do premio: 2.407 euros.

CEIP Seis do Nadal.
Localidade: Vigo (Pontevedra).
Título do proxecto: *Comercio xusto: o cacao.*
Contía do premio: 4.000 euros.

EEI. Verducido
Localidade: Verducido (Pontevedra).
Título do proxecto: *Alimentación: formación de consumidores responsables.*
Contía do premio: 2.407 euros.

Os proxectos trienais seleccionados son os seguintes:
Proxecto: *Compra XXI.*
Centro: CEIP Froebel (Pontevedra).

Proxecto: *Consumo, xénero e igualdade.*
Centro: IES Laxeiro - Lalín (Pontevedra).

Proxecto: *Coñecer e comprender para mellor consumir.*
Centro: CEIP Lourido- Poio ( Pontevedra).

Proxecto: *A Auga das nosas vidas.*
Centro: CEIP Santo Estevo de Parga (Lugo).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008.*

Por medio da Orde do 20 de abril de 2007 (DOG nº 79, do 24 de abril) establecéronse as bases reguladoras da concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico. As razóns que motivaron a aprobación desa norma continúan estando presentes na actualidade. Así, por unha parte segue a ser necesaria a adaptación de boa parte do planeamento urbanístico á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, e, por outra, os concellos interesados en tal adaptación seguen a ter notables dificultades para afrontar o esforzo orzamentario que implica o cumprimento desa finalidade.

De xeito similar á Orde do 20 de abril de 2007, dúas son as notas que caracterizan ás bases reguladoras da concesión das subvencións previstas nesta orde. Primeiramente, e no que atinxe ao seu ámbito de aplicación subxectivo, as subvencións para redacción de plans xerais de ordenación municipal teñen como destinatarios os concellos de Galicia cunha poboación que non supere a cifra dos 50.000 habitantes. Para os que superen esta cifra, as axudas poderán concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración, no que se establecerán as súas especificas condicións. Así mesmo, tamén poderán ser obxecto de convenio aqueles outros instrumentos de ordenación urbanística de iniciativa pública, de xustificado interese público e urxente necesidade, independentemente da cifra de poboación do concello. Tal cifra tampouco resulta aplicable aos demais instrumentos de planeamento que, diferentes dos devanditos plans xerais de ordenación municipal, son susceptibles de seren subvencionados ao abeiro desta orde.

En segundo lugar, no relativo ao procedemento de concesión, debe poñerse de manifesto a inexistencia de concorrencia competitiva, posibilidade esta expresamente prevista polo artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que non se parte da comparación das solicitudes recibidas, senón do obxecto e finalidade da subvención solicitada e do cumprimento por cada concello solicitante dos requisitos establecidos para obter a correspondente subvención. Tales circunstancias determinan a non necesidade de realizar unha comparación entre as solicitudes recibidas, así como tampouco establecer unha orde de prelación entre elas.

Xunto co exposto, cómpre poñer de manifesto a adaptación desta orde ao novo réxime xurídico que, en materia de subvencións, deriva da entrada en vigor da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consecuentemente co que antecede, logo dos informes favorables da Asesoría Xurídica, Intervención Delegada nesta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios e Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas; e no exercicio das facultades que teño atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto e beneficiarios.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan en 2008 a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións que poida conceder a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico que detalla o artigo 2º.

En virtude do previsto polo parágrafo 2º do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as agrupacións de concellos indicarán en anexo á súa solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. O anexo deberá ser subscrito por quen exerza a representación legal da agrupación solicitante.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nesta orde os concellos de Galicia, así como as agrupacións de concellos a que alude a alínea 1º b) do artigo 2º.

Artigo 2º.-*Instrumentos de planeamento susceptibles de seren subvencionados.*

1. Poderá ser obxecto de subvención a redacción dos seguintes instrumentos de planeamento: